Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADA ENTRE OUTRAS A A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS

Da convocatoria da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións dentro do Plan específico de acción comunitaria destinada a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia. (Publicación no DOG núm 14 do Venres 20 de xaneiro de 2017).

Beneficiarios: Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e asociacións de mulleres rurais.

Obxecto: Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os que a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles vinculados a acadar unha eficaz prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación de réxime local e mellora da vida local nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos os camiños veciñais e as traídas de auga xestionadas polas comunidades de usuarios de augas.

Prazo de presentación de solicitudes: Serán dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

Máis información: Na páxina web oficial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (http://cpapx.xunta.gal). Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 8 de febreiro de 2017

A concelleira de casco histórico,

EXCMO. CONCELLO DE PADRÓN (A Coruña)

Asdo. Lorena Couso Dopazo.